



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel600 699 293

PROPOSTA DUN PLAN DE TRABALLO PARA O FOMENTO DO USO E DIFUSIÓN DA LINGUA GALEGA NO ÁMBITO DAS ANPAS E DO ENSINO PÚBLICO.

Este traballo trata de afondar no compromiso da Confederación coa Lingua Galega, e demostrar publicamente a nosa posición ao respecto do seu uso e importancia.

Obviamente, na Confederación decidimos sobre o que facemos nós, logo as Federacións e as Anpas decidirán o seu grao de compromiso con esta realidade. Por iso, cando falamos das liñas de traballo que lles corresponden, falamos dunha proposta, nunca dunha obriga. A Confederación non é quen a ordenar o traballo alleo, pero si ten a obriga de facilitalo e iso é o que pretendemos con este traballo.

ESTABLECEMOS TRES LIÑAS DE TRABALLO:

- 1. DENDE A CONFEDERACIÓN**
- 2. DENDE AS FEDERACIÓNS**
- 3. DENDE AS ANPAS**



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel600 699 293

DENDE A CONFEDERACIÓN

- Compromiso de utilización do galego como única lingua na que se crearán e difundirán contidos, tanto escritos como verbais.
- En xeral, só se difundirán as actividades e/ou propostas que veñan redactadas en lingua galega. De non ser así, informarase desa esixencia para a difusión.
- Só se difundirán e compartirán as ofertas, traballos e publicidade de empresas e organizacións galegas se veñen redactados en lingua galega. Cando se reciba documentación noutras linguas solicitarase o uso do galego, e informarase de que é unha condición que impoñemos para a difusión.
- A formación que imparta Anpas Galegas, tanto se se realiza directamente coma se se contrata con empresas externas, realizarase exclusivamente en galego
- A edición de material, guías, etc farase unicamente en lingua galega-
- Realizaranse campañas periódicas de promoción da lingua galega nas nosas redes sociais. Inicialmente faranse nos meses de outubro e marzo de cada curso.
- Os concursos que se organicen dende a confederación terán nas súas bases a obrigatoriedade de utilización da lingua galega de xeito exclusivo.
- Esixirase dos medios de comunicación o respecto á lingua que utilicen as nosas representantes, que será sempre o galego, nas transcricións escritas que realicen das nosas declaracións.
- Participación activa na Plataforma “Queremos Galego”, formando parte da súa xestora e dedicando, segundo se aprobe nos orzamentos anuais da Confederación, os recursos que poidamos achegar a esta organización.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel600 699 293

DENDE AS FEDERACIÓNS

PROPOÑEMOS que as diferentes Federaci3ns asuman os seguintes puntos b3sicos de traballo, en coordinaci3n co aprobado para a Confederaci3n:

- Comprom3tense a compartir os contidos publicados dende as redes de ANPAS GALEGAS
- Organizar3n todas as s3as actividades exclusivamente en lingua galega.
- Promover3n as actividades doutras empresas e organizaci3ns s3o no caso de que se impartan en galego e sexan de interese para as anpas federadas.
- Deseñar3n camp3as de fomento do uso do galego dun xeito peri3dico, ou asumir3n como propias as da Confederaci3n e partillar3n dun xeito peri3dico.
- Desenvolver3n para as s3as anpas asociadas actividades nas que, de xeito transversal e permanente, se fomente a inmersi3n e o uso da lingua galega.
- Comprometeranse a que as entrevistas e notas de prensa que realicen sexan en galego e a exixir a s3a transcripci3n literal nos diferentes medios de comunicaci3n.
- Promover3n, a trav3s da s3a presenza directa ou indirecta nos Consellos escolares municipais, que estes aproben moci3ns de traballo interno en lingua galega, as3 como a intenci3n de que en calquera actividade educativa do concello se esixa a nosa lingua como 3nica vehicular da actividade.
- Igualmente, reclamarase que se demande ao persoal do Concello, ou contratado por este, o desenvolvemento do seu traballo nos centros escolares p3blicos utilizando o galego nas s3as relaci3ns laborais outras persoas da comunidade educativa.
- Promover3n que as s3as Anpas federadas asuman os compromisos que se indican no apartado seguinte.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel600 699 293

DENDE AS ANPAS

PROPOÑEMOS que as ANPAS asociadas asuman os seguintes puntos básicos de traballo, en coordinación co aprobado para a Confederación e as Federacións

- Utilizar o galego como única lingua utilizable na súa organización, tanto no relativo á secretaría e libros de actas, socias e tesouraría, como aos formularios, cartelería, redes sociais, etc que utilice.
- Igualmente, o galego será a lingua única de comunicación da Anpa coa comunidade educativa do centro no que se inscriba, e coas outras persoas e organizacións coas que se relacione.
- Haberá un compromiso de organizar as actividades extraescolares exclusivamente en galego; o que inclúe a esixencia de esixir ao monitorado contratado a utilización do galego como única lingua de comunicación co alumnado e as familias.
- Do mesmo xeito, coidarán especialmente o uso da lingua galega nas charlas, obradoiros, xornadas, feiras, festivais, etc, que se organicen. E neste senso reclamarase a calquera persoa contratada pola anpa o uso da lingua galega en toda a súa participación na actividade.
- Organizarán e promocionaran actividades de coñecemento e inmersión no galego para o alumnado que o precise
- Serán axentes activos de defensa do galego nos consellos escolares, esixindo:
 - o O acordo -aínda que xa se viñese facendo dese xeito- de utilización exclusiva do galego na redacción de todos os documentos que se realicen ou deriven dese órgano colexiado.
 - o O acordo de realizar as actividades extraescolares do centro en galego, nomeadamente no que ten que ver coa lingua utilizada polas persoas que puidesen participar nelas como colaboradoras externas.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel600 699 293

- o O compromiso de realizar actividades para potenciar o uso do galego e formación de reforzo en galego para o alumnado que o precise.